

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/04/2021 10:14:34

SAIDA 6871/21



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 21/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas ás reclamacións presentadas por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 1 de marzo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de abril de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 1 de marzo de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Lourenzá, de consulta e copia de comunicacións, notificacións, solicitudes, alegacións, oficios, expedientes e informes relacionados co xacemento arqueolóxico do Castro de Flores GA27027012 e/ou coa canteira situada no monte de Trinidad, recibidos polo Concello de Lourenzá entre o 15.11.2018 e o 12.05.2020.

A [REDACTED] interesada presenta a reclamación ao non ter obtido resposta á súa petición.

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do DNI do representante da referida [REDACTED].

Segundo. Con data 3 de marzo de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á ao Concello de Lourenzá para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 17 de marzo de 2021, o Concello de Lourenzá contesta á petición remitindo o informe solicitado.

No informe o Concello de Lourenzá comunica que en relación coas denuncias presentadas [REDACTED] sobre presuntas infraccións urbanísticas no Castro das Flores (lugar de Arroxo), por parte do Concello enviáronselle á entidade denunciante copia do Acordo Plenario de data 21 de xullo de 2016 no que se exclúe o castro do catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Lourenzá, dando cumprimento ao escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e se remíteselle a relación de xacementos arqueolóxicos do Concello de Lourenzá e plano situación do Castro de Flores.

En relación coas denuncias de [REDACTED] recibidas no Concello no ano 2019 sobre posibles movementos de terras, explanacións e entullos relacionados con actividades mineiras no territorio histórico do Camiño de Santiago Norte, no Castro da Trindade e no Castro de Flores sen a preceptiva autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con data do 19 de xuño de 2019 envíase ás referidas [REDACTED] informe técnico sobre as denuncias, así como a identificación que se levou a cabo dos titulares catastrais das parcelas para darlles trámite de alegacións.

Por parte do Concello, acordouse instar aos titulares das parcelas para que soliciten os permisos correspondentes para as ditas actuacións.

Con data do 9 de outubro de 2019 recíbese a correspondente solicitude por parte do titular das parcelas, tramitándose os correspondentes permisos ante a Consellería de Cultura e Medio Rural para a emisión dos informes que correspondan, do que se informa [REDACTED]

Unha vez emitidos os informes pola Dirección Xeral de Patrimonio e pola Consellería de Medio Rural, remitíronse á [REDACTED]

O Concello informa que a titular das parcelas presentou comunicación previa para a actividade de explanación e zona de acopios e para aparcamento vinculado á explotación mineira.

Con data do 12 de marzo de 2021, remítese [REDACTED], un resumo das actuacións realizadas polo Concello en relación coas denuncias e se lle informa

que dado o volume elevado da información, poden consultalas nas oficinas do Concello, sen recibir contestación ata o momento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 20 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo coa información que figura no expediente, o Concello de Lourenzá resolveu con data do 8 de marzo de 2021, é dicir, con data posterior á que a ██████████ presentase a súa reclamación ante a Comisión da Transparencia por falla de contestación, polo que debe admitirse a mesma.

Quinto.- Análise do expediente

A [REDACTED] reclamante, solicitou do Concello de Lourenzá o acceso á documentación que forma parte dos expedientes do xacemento arqueolóxico do Castro de Flores e a canteira situada no monte de Trinidad, recibidos polo Concello de Lourenzá entre o 15.11.2018 e o 12.05.2020.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, tendo dereito o solicitante, a recibir da Administración a orientación e asesoramento necesario para o exercicio deste dereito, tal e como establece o artigo 26 da Lei 1/2016.

O Concello de Lourenzá remitiu á [REDACTED] interesada un resumo das actuacións realizadas en relación coas denuncias presentadas e infórmaselle que dado o volume elevado da información, poden consultalas nas oficinas do Concello. O acceso á información solicitada a través da comparecencia do solicitante nas dependencias municipais considérase un procedemento de acceso útil, que permite en casos como este nos que o volume da información solicitada é considerable, a súa consulta, previa valoración polo Concello da posible existencia de límites no acceso á mesma de acordo cos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, e que o interesado sinala cal é a información que é do seu interese, así como a obtención das copias que precise, e que permitirá, coa obrigada orientación e asesoramento que debe prestarse por parte da Administración, exercer á [REDACTED] o seu dereito de acceso á información pública.

De acordo co anterior, ao considerar que o Concello, aínda que fóra do prazo establecido na normativa de Transparencia, resolveu adecuadamente a súa solicitude de acceso á información, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 1 de marzo de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Lourenzá, de consulta e copia de comunicacións, notificacións, solicitudes,

alegacións, oficios, expedientes e informes relacionados co xacemento arqueolóxico do Castro de Flores e/ou coa canteira situada no monte de Trinidad.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 262/120208, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.04.28 09:53:48 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.